



**ACTA DA SESIÓN 3/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 28 DE MARZO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 4/2022 de data 25/04/2022**

**O Secretario**

## **ORDE DO DÍA**

- 1.- Acta da sesión anterior (28/02/2022). Aprobación.
- 2.- Modificación Puntual Nº 7 do PXOM de Carballo - Aliñacións en Quintela e A Barreira. Aprobación inicial. (CIPUM do 22/03/2022).
- 3.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000001541 do 15 de marzo, para a implantación dun proxecto piloto de reciclaxe de cápsulas de café no concello de Carballo. (CIBPS do 22/03/2022).
- 4.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000001541 do 15 de marzo, para a creación dun plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe no concello de Carballo. (CIBPS do 22/03/2022).
- 5.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001005 do 15 de marzo, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína. (CIBPS do 22/03/2022).
- 6.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001006 do 15 de marzo, sobre cobertura de prazas en atención primaria. (CIBPS do 22/03/2022).
- 7.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001004 do 15 de marzo, para condenar a invasión de Ucraína por parte de Rusia. (CIBPS do 22/03/2022).
- 8.- Moción do grupo municipal do BNG, rexistro de entrada n.º 202200000001253 do 16 de marzo, para condenar a invasión rusa en Ucraína, mostrar a solidariedade co pobo ucraniano e demandar o retorno á vía diplomática para acadar a paz (CIBPS do 22/03/2022).
- 9.- Seguimento de órganos de goberno:
  - 9.1.- Resolucións da Alcaldía
  - 9.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local
  - 9.3.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 3/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 28 DE MARZO DE 2022**

Na Casa Consistorial o vinte e oito de marzo de dous mil vinte e dous (28/03/2022) sendo as vinte horas e trinta e dous minutos (20:32 h.), reúnen-se os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D<sup>a</sup> María Belén Lendoiro Esmorís
- D<sup>a</sup> Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D. Xosé Regueira Varela
- D<sup>a</sup> María del Carmen Ures García
- D<sup>a</sup> Maruxa Suárez Cotelo
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo
- D. Luis Lamas Álvarez

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D<sup>a</sup> María Beatriz Neira Varela
- D<sup>a</sup> Paula Nogueira Costa

Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D<sup>a</sup> María Carmen Vila Blanco
- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enríquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario municipal, don José Villán Fuertes, que actúa como secretario e dá fe do acto.

Antes do inicio da sesión, e a iniciativa do Sr. Alcalde, gárdase un minuto de silencio polas últimas vítimas da violencia machista.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- Acta da sesión anterior (28/02/2022). Aprobación.**

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda aprobar a acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2022 (PLENO 02/2022), que foi repartida coa convocatoria.

### **2.- Modificación Puntual Nº 7 do PXOM de Carballo - Aliñacións en Quintela e A Barreira. Aprobación inicial. (CIPUM do 22/03/2022).**


Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 22/03/2022, punto 2 da orde do día, e á proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 16/03/2022 contida no expediente 2020/U032/000001, cuido texto se transcribe:

ASUNTO: Modificación puntual nº 7 do PXOM de Carballo - Aliñacións en Quintela e A Barreira. Aprobación Inicial.  
EXPEDIENTE: 2020/U032/000001  
PROMOTOR: Concello de Carballo  
REX. ENTRADA: 202299900000530 de data 14/02/2022  
REDACTORES: Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 COAG) como integrantes da sociedade *FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.*


O Concello de Carballo está promovendo a modificación puntual nº 7 do PXOM que afecta ás aliñacións establecidas polo PXOM en dous ámbitos que corresponden a terreos clasificados como solo de núcleo rural de tipo común nos asentamentos de Quintela (parroquia de Artes) e A Barreira (parroquia de Carballo).

A presente modificación puntual ten como obxecto:

1.- No caso do núcleo rural de Quintela trátase de corrixir un erro das aliñacións na planimetría consistente na eliminación dun ensanche puntual e inxustificado na fronte dunha parcela que non mellora en absoluto a funcionalidade viaria do núcleo rural regularizando as aliñacións en toda a lonxitude do tramo afectado.



2.- No caso do núcleo rural de A Barreira a modificación afecta a un pequeno tramo da rúa Enxeñeiro Barreira na que se produce un estreitamento puntual respecto da aliñación regularizada de 12 m de anchura para facer coincidir a aliñación neste punto coa fachada dunha edificación existente (E) de carácter tradicional.



O obxecto da modificación presenta unha implicación normativa, tendo en conta a observación recollida no IAE baseada no informe de consultas da DXOTU sobre a prohibición de demoler as construcións existentes de carácter tradicional.

A solución que se formula na MP, en coherencia coa prevista no PXOM noutros casos similares, consiste en establecer unha dobre aliñación cuxo concepto e definición é o de **aliñación regular** contemplado no artigo 9 da normativa do PXOM que, no segundo parágrafo desta definición, establece:

*"Nas parcelas de solo de núcleo rural ocupadas por edificacións de carácter tradicional e fronte a estradas de titularidade autonómica, fixéronse dúas aliñacións: a aliñación oficial que respecta a edificación tradicional, e unha aliñación regular aplicable no caso de substitución desta edificación tradicional, co obxectivo de dar continuidade á aliñación das parcelas lindantes no caso de nova edificación da parcela".*

A limitación da aplicación do concepto de **aliñación regular** contemplado no artigo 9 da normativa do PXOM unicamente referida ás vías de titularidade autonómica obedece a un erro de redacción do Plan, sen que teña xustificación algunha.

Coa finalidade de aplicar este tratamento da aliñación regular á presente modificación puntual, por razóns de seguridade xurídica e coherencia do propio PXOM, resulta axeitado introducir un terceiro parágrafo na definición da aliñación regular establecida no artigo 9 da normativa do PXOM, co seguinte tenor literal:

*"Este tratamento tamén será aplicable nas parcelas con fronte ás demais vías públicas independentemente da súa titularidade".*

Este apartado normativo está recollido na addenda presentada o 15 de marzo de 2022, co que se dá cumprimento á prevención recollida no informe ambiental estratéxico.

Co fin de realizar esta modificación puntual, o Concello de Carballo encargou á empresa Fernández Carballeda y Asociados, S.L.P a redacción da documentación necesaria para a tramitación da modificación puntual do PXOM co obxectivo indicado.

A tramitación iniciouse coa solicitude de avaliación ambiental estratéxica (A.A.E.) simplificada, presentada o 27/10/2020, acompañada do borrador da modificación puntual e do documento ambiental estratéxico (DAE) do expediente tramitado.

Como consecuencia do anterior emitíuse o informe ambiental estratéxico (I.A.E.), pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 01/02/2021 (publicado no DOG de 17/02/2021).

O I.A.E conclúe que a MP non se debe someter ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente. Non entanto, recolle unha observación en relación á edificación tradicional afectada no núcleo da Barreira e a xustificación de non incorrer na prohibición da súa demolición (artigo 26.1.g) da LSG e no artigo 40.1.g) do RLSC).

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
 Praza do Concello S/N  
 Teléfono 981 70 41 00  
 www.carballo.gal  
 infocarballo@carballo.gal  
 15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000003

O equipo redactor presentou o documento da modificación puntual con data de 06/10/2021 (RE 202199900004761) e posteriormente corrixida en data de 14-02-2022 (RE 202299900000530) e completada coa addenda presentada o 15/03/2022.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

<b>01.MX</b>		<b>Memoria xustificativa</b>
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_01INF	Memoria informativa
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_01INF_ANX-CONSULTAS	Informes das consultas realizadas durante o trámite de AAE.
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_02XUS	Memoria xustificativa
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_03ANX1_P SX	Anexo I. Memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_03ANX2_SEC	Anexo II. Informe xustificativo da normativa sectorial aplicable
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_03ANX3-SINTESE_NP	Anexo III. Anexo síntese - Non procede
	15019_MP07PXOM_202202_AI_MX_03ANX4_VIXE NCIA	Anexo IV. Ficha de vixencia de planeamento segundo modelo do anexo 7
<b>02.EMR</b>	15019_MP07PXOM_202202_AI_EMR_NP	Estudo do medio rural - Non procede
<b>03.AMAP</b>	15019_MP07PXOM_202202_AI_AMAP_NP	Análise do modelo de asentamento poboacional - Non procede
<b>04.MOB</b>	15019_MP07PXOM_202202_AI_MOB_NP	Análise da mobilidade - Non procede
<b>05.PINF</b>		<b>Planos de información</b>
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_01ORD_1	Situación do núcleo de Quintela. Ord. vixente
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_01ORD_2	Situación do núcleo de A Barreira. Ord. vixente
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_02CATASTRO_1	Catastro núcleo de Quintela
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_02CATASTRO_2	Catastro núcleo de A Barreira
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_03PBA_1	Plan Básico Autonómico. Núcleo de Quintela
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_03PBA_2	Plan Básico Autonómico. Núcleo de A Barreira
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_04ORTO_1	Situación dos ámbitos da modificación puntual na ortofoto - Quintela / A Barreira.
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PINF_04ORTO_2	
<b>06.PORD</b>		<b>Planos de ordenación urbanística</b>
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PORD_01ANALISE_1	Análise da ordenación proposta. Núcleo de Quintela / Núcleo de A Barreira.
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PORD_01ANALISE_2	
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PORD_02ORD_1	Planos de ordenación de substitución do PXOM vixente.
	15019_MP07PXOM_202202_AI_PORD_02ORD_2	
<b>07.NU</b>		<b>Normas urbanísticas</b>
	15019_MP07PXOM_202202_AI_NU_NP	Normas urbanísticas (*) (substituído por addenda 1)
	15019_MP07PXOM_202203_AI01_NU01	Normas urbanísticas (addenda 1)
<b>08.CAT</b>	15019_MP07PXOM_202202_AI_CAT_NP	Catálogo - Non procede
<b>09.EE</b>	15019_MP07PXOM_202202_AI_EE_NP	Estratexia de actuación, estudo económico, informe de sustentabilidade económica e memoria de viabilidade económica - Non procede
<b>10.AAE</b>		<b>Documentación procedemento de avaliación ambiental estratéxica</b>
	15019_MP07PXOM_202202_AI_AAE_01DAE	Documento ambiental estratéxico
	15019_MP07PXOM_202202_AI_AAE_02ORD	Situación dos ámbitos da MP. Ordenación vixente
	15019_MP07PXOM_202202_AI_AAE_03ANÁLISIS_1	Análise da ordenación proposta. Núcleos de Quintela / Artes.
	15019_MP07PXOM_202202_AI_AAE_03ANÁLISIS_2	
	15019_MP07PXOM_202202_AI_AAE_05IAE	Informe ambiental estratéxico

Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 15/03/2022 no que se detalla a xustificación e descrición da modificación puntual e consideran que a documentación é suficiente para continuar a súa tramitación para a aprobación inicial polo órgano municipal competente.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases do réxime local, que atribúe ao órgano plenario a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos.

Logo de ver a documentación do expediente e o informe dos técnicos municipais, conforme ao disposto nos artigos 83.5 e 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos concordantes 200.5 e 144 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro), [...]»

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, votará a favor unha vez valorado o informe técnico-xurídico.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, polos mesmos motivos, anuncia o seu voto favorable.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, considera as aliñacións axeitadas e lóxicas, polo que apoiarán a proposta.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno Municipal acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 7 do PXOM de Carballo, **aliñacións en Quintela e A Barreira**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 COAG) presentada o 14 de febreiro de 2022 (RE 2022999000000530) e addenda correspondente á normativa da modificación puntual presentada o 15 de marzo de 2022 (RE 2022999000000988).

**Segundo.-** Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo e addenda referida á normativa urbanística do PXOM.

**Terceiro.-** Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

**Cuarto.-** Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual.

**Quinto.-** Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas corresponden ao ámbito da MP indicado nos planos e resumo executivo.

### **3.- Moción do grupo municipal do PSdG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000001541 do 15 de marzo, para a implantación dun proxecto piloto de reciclaxe de cápsulas de café no concello de Carballo. (CIBPS do 22/03/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/03/2022, punto 2 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000001541 do 15 de marzo, para a implantación dun proxecto piloto de reciclaxe de cápsulas de café no concello de Carballo.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta a necesidade de adaptarse á nova Lei de Residuos. O café é unha bebida moi popular, e enterados na Xunta de Voceiros de que xa existe algún punto de reciclaxe no Concello, cre que está moción servirá para aumentalos puntos de reciclaxe existentes.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, votará a favor.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, fai a súa intervención que, ó ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade: «*MOCIÓN DO PSOE PARA A IMPLANTACIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE RECICLAXE DE CÁPSULAS DE CAFÉ*

*O Parlamento galego aprobou en Febreiro do 2021 a nova Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, que substitúe e moderniza o marco normativo vixente dende o 2008 co reto de preparar á comunidade para responder aos cambios que se teñen producido neste período con relación á forma de consumir, á xeración de residuos e ás prioridades e necesidades desde o punto de vista da súa xestión.*

*Cómpre apuntar que a nova lei 6/2021 foi aprobada cos únicos votos favorables dos deputados do Partido Popular, pois ambos grupos aquí representados votaron en contra. Polo que non deixa de ser curioso que sexa o PSOE o que veña a este pleno a propoñer iniciativas que favorezan o cumprimento desa lei.*

*Lei que fixa obxectivos claros na xestión dos residuos, establecendo que no 2025 deberá reciclarse o 55% do peso actual ou apostando por reducir ao mínimo o volume de residuos que se envía a vertedoiro. E, neste sentido, senta as bases para cumprir co reto a nivel comunitario de que as plantas de tratamento de residuos acaden en 2035 o chamado vertido técnico 0 (é dicir, que só o 10% da cantidade total xerada se deposite en vertedoiros), un obxectivo que Sogama está xa a piques de acadar, con 14 anos de adianto respecto da previsión da UE.*

*Con esta norma Galicia pecha o “círculo” das ferramentas xurídicas e normativas necesarias para consolidar a súa posición á cabeza de Europa con relación á sostibilidade e á xestión dos residuos, que se suma aos outros pasos clave dados pola Xunta en 2019 coa aprobación da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050 e da Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030.*

*Por certo, modelo SOGAMA que o BNG critica encarnizadamente a nivel autonómico, pero que a nivel local, cousa da que nos aledamos dende o grupo Mpal. do Partido Popular, acolle e apoia sendo incluso un dos concellos referencia na separación e tratamento de residuos a nivel galego. Insisto e para que quede claro, cousa da que o Partido Popular se aleda e presta toda a colaboración necesaria para que siga sendo así.*

*Pois ben, os municipios deberán instaurar a recollida separada a finais de 2023, motivo polo que a Xunta reservou xa 25 millóns de euros nos seus orzamentos deste ano á construción de tres novas plantas de biorresiduos en Galicia -entre as que figura unha nova planta que xa se está a licitar en Ponteceso cunha inversión de 1,2 Millóns de Euros-, que se sumarán á que xa está operativa actualmente en Cerceda.*

*Neste senso Carballo xa está a traballar na liña marcada pola nova lei e con respecto ao tema da moción que nos ocupa a cidadanía en Carballo xa ten a posibilidade de depositar as cápsulas en contenedores habilitados para o caso en distintos puntos da nosa vila.*

*(Aquí podemos ver unha imaxe que fixemos dende o noso grupo dun contenedor sito na nosa vila onde claramente se ve que existe un compartimento específico para as cápsulas de aluminio e plástico)*

*Tamén as propias marcas poñen a disposición a recollida das cápsulas nos seus puntos de venda.*

*Consideramos polo tanto que implantar un proxecto piloto suporía unha iniciativa moi custosa para as arcas municipais, máis se cabe se a recollida selectiva xa se está a facer e se está enviando a Sogama esta fracción para o seu tratamento.*

*Dito o cal, modificamos o sentido do voto manifestado na comisión e votaremos en contra desta moción.»*

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, fai constar, con respecto o primeiro punto, que no Concello de Carballo o concepto “reciclaxe” está asumido dende hai dezanove anos. A día de hoxe o Concello de Carballo ten 7 fraccións distintas de contedores. Él non é tan optimista co obxectivo da Xunta, en canto ao primeiro resolutivo da proposta. Sobre o resolutivo segundo, tódalas campañas inclúen concienciación e colaboración. Apoiarán a moción do PSdG-PSOE aínda que xa está en marcha esta actividade no Concello.

O Sr. Costa Trillo, agradece o voto a favor. Contéstalle ó voceiro do PP que o motivo de que votaran en contra da Lei de Residuos foi porque é moi mellorable, pero iso non significa que non se deba cumprir. Ata ahí poderían chegar, que só se cumpren as leis que se votan, e non as outras. Entende que debe haber punto de recollida de cápsulas en Carballo, e o feito de que as marcas de café en cápsula teñan puntos de recollida (exemplo Nespresso) non supón nada en Carballo, xa que habería que ir ata a cidade de A Coruña para depositalas.



Sometido o asunto a votación, con dezasete (17) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), e catro (4) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** A implantación dun proxecto piloto de reciclaxe de cápsulas de café no Concello de Carballo.

**Segundo.-** O deseño e a posta en marcha de campañas de concienciación dirixidas á cidadanía sobre a importancia da reciclaxe das cápsulas de café.

**4.- Moción do grupo municipal do PSdG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000001541 do 15 de marzo, para a creación dun plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe no concello de Carballo. (CIBPS do 22/03/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/03/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000001541 do 15 de marzo, para a creación dun plan para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe no concello de Carballo, cuxa parte resolutiva íntegra era a seguinte:

*“Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a multiplicar as iniciativas para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles.*

*Segundo.- Que o Concello de Carballo estableza un protocolo que prevexa para o caso en que unha nova situación que derive na obrigatoriedade de estudo en liña a repartición de tablets, material informático necesario e tarxetas de acceso a internet a aquelas familias que non teñan acceso para facilitar a formación en liña aos alumnos/as do noso municipio. Tamén a distribución de bonos/vales trocables para a impresión de material educativo nas diversas reprografías do noso municipio entre alumnos/as do noso Concello con dificultade de acceso a elo.”*

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, manifesta en primeiro lugar que a pandemia do Covid-19 demostrou que non estabamos preparados, e a intención desta moción é que se se repite a mesma, ou similar, non volva a pasar o mesmo.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA manifesta que votará a favor. Móstrase suspicaz sobre como se levará a cabo.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, fai a súa intervención que, ó ser proporcionada por escrito, transcríbese na súa integridade: « Puntos a deixar claros:

- O Sistema Educativo de Galicia demostrou ser elemento de equidade e inclusión, precisamente, o peche dos centros educativos foi a decisión, de natureza sanitaria, que veu a demostrar estas virtudes do Sistema Educativo.

- A fenda dixital non é un problema do Sistema Educativo, é un problema de cohortes ou xeracións e, así mesmo, un problema de conectividade derivado da orografía e a irregularidade xeográfica de Galicia.

- A pandemia é certo que chegou de súpeto, cando o sistema educativo non estaba preparado para un ensino virtual completo, e tivo que adaptarse en tempo récord. Esta situación, absolutamente excepcional, provocou un despliegue de préstamo de equipas informáticas ás familias que así o necesitaron. Os centros, grazas ás xefaturas territoriais e aos Centros de Formación e Recursos, CFR da Consellería, e, incluso, ás propias direccións, non deixaron de dotar de ordenadores ás familias que o pediron ou familias sin recursos.

- A pesares de que Galicia é unha Comunidade Autónoma na que xa se estaba a traballar na formación en entornos dixitais e que ten un sistema implantado de ensino dixital, o peche dos centros educativos multiplicou exponencialmente estas accións.

- Podemos dar datos concretos de Carballo, en cuxos 11 centros de ensino se levaron a cabo un total de 245 actividades durante os 3 últimos cursos relacionados coas TICs. En concreto, máis polo miúdo:

\* Na formación de choque nos momentos iniciais da pandemia fixéronse ata 71 formacións de actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes e ata 43 formacións de aproveitamento didáctico de ferramentas de ensino mixto.

*\* Como plan para completar as anteriores actuacións, desenvóléronse 10 cursos de actualización no uso de ferramentas tecnolóxicas, 7 actuacións para o aproveitamento didáctico de Moodle, 14 de creación de contidos dixitais e 13 para o uso de ferramentas de avaliación na aula virtual.*

*\* A maiores, no marco do proxecto E-Dixgal de libro dixital, houbo oferta de 15 cursos sobre educación dixital e 8 de introducción ao EVA E-Dixgal.*

*A oferta, polo tanto, é completa e unida ao material solicitado polos centros, atopámonos con un traballo ben feito para loitar contra a fenda dixital dende aquel desafortunado curso 19-20 no que outras prioridades vitais levaron a pechar os centros educativos. Dende aquel curso a Consellería non deixou de actualizar os equipamentos informáticos.*

*Por todo isto,*

*Con respecto ao primeiro punto da moción coidamos que non é preciso falar de “multiplicar as iniciativas para reducir a fenda dixital” porque coidamos que xa se teñen multiplicado, en calquera caso falaríamos de “seguir nesta liña de iniciativas para...” e, ademais, coidamos que non é preciso falar da “necesidade de superar as desigualdades.... Garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo” porque os datos reflicten obxectivamente que Galicia ten un dos sistemas máis equitativos do estado e un dos sistemas de maior calidade.*

*Con respecto ao segundo punto creemos que non está acertada a redacción do mesmo porque trabaça as competencias locais e autonómicas, fala de “estudo en liña”, cando debe facelo de “ensino virtual” e da a entender que o alumnado, se é o caso, non ten nin libros de texto en papel nin libros virtuais, realidade totalmente allea ao contexto galego.*

*En función dos argumentos indicados a nosa votación á devandita MOCIÓN é EN CONTRA»*

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, manifesta que hai moito que mellorar aínda que ten que recoñecer que algunha cousa se fixo; de feito conseguíuse dar clases durante o confinamento. A fenda dixital existe a nivel educativo e tamén empresarial. Fai constar que apoiarán a moción sempre e cando se elimine o último inciso do resolutivo segundo (“ [...]. Tamén a distribución de bonos/vales trocables para a impresión de material educativo nas diversas reprografía do noso municipio entre alumnos/as do noso Concello con dificultades de acceso a elo”). A razón é que xa existe unha lei que non permite a reprografía de textos, polo que si se suprime ese inciso, votarán a favor.

O Sr. Costa Trillo, manifesta que o seu grupo non ten inconveniente en aceptar a supresión do último inciso do resolutivo segundo da moción ditaminada. Para que non haxa malentendidos, non é unha cuestión de ideoloxía, non se busca unha análise política, senón atender á realidade e as súas necesidades.

Sometido o asunto a votación, con dezasete (17) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12), PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), e catro (4) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galicia a multiplicar as iniciativas para reducir a fenda dixital e de aprendizaxe, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a superar as desigualdades existentes garantindo a equidade e calidade do noso sistema educativo, asegurando a continuidade educativa a distancia do noso alumnado para que siga aprendendo nas mellores condicións posibles.

**Segundo.-** Que o Concello de Carballo estableza un protocolo que prevexa para o caso en que unha nova situación que derive na obrigatoriedade de estudo en liña a repartición de tablets, material informático necesario e tarxetas de acceso a internet a aquelas familias que non teñan acceso para facilitar a formación en liña aos alumnos/as do noso municipio.

### **5.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001005 do 15 de marzo, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína. (CIBPS do 22/03/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/03/2022, punto 5 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001005 do 15 de marzo, para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína, cuxa parte resolutiva era a seguinte.

«**Primeiro.-** O concello de Carballo insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes

necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

- Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.
- Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.
- Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.
- Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

**Segundo.-** Así mesmo, o concello de Carballo insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores.»

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal PP, expón que esta moción céntrase no impacto económico pola guerra que produce incerteza e afecta economicamente ó tecido produtivo, agravando a situación do país e das familias, xa bastante afectadas. De feito o IPC baixou do 7,6 ó 6,7. A situación do transporte apremia aínda máis á adopción de medidas. Pide ser ambiciosos nesta situación crítica e o apoio de tódolos partidos.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, manifesta que o seu grupo absterase nesta votación. Pon en dúbida que a guerra en Ucraína teña tanto impacto pois cada día cambian máis as cousas e non cre que a guerra o agravara máis. De feito, a baixada de impostos xa se produciu e co prezo da luz nunca recaudou máis o Estado. Fai constar que *algo se nos escapa*.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE, coincide con TEGA en que existen moitos factores citados na moción non relacionados coa guerra, a baixada eléctrica, o bono social e máis medidas. Estase indo por bo camiño, por exemplo a consecución do recoñecemento da situación singular da península ibérica en relación coa enerxía. Espera que nas vindeiras datas se acaden outras medidas. Esta é unha moción política, que nada ten que ver coas necesidades actuais.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, subscribe o cen por cento o que dí o voceiro do grupo municipal TEGA, xa se baixaron os impostos e non se conseguiu frear a subida. Gustaríalle que os partidos constitucionalistas leran o artigo 128 da Constitución Española que fala no seu apartado 1º que: *“Toda la riqueza del país en sus distintas formas y sea cual fuere su titularidad está subordinada al interés general”*. Esta situación pide unha intervención na economía en aras do interese xeral. Os tres CEOS máis importantes das grandes compañías eléctricas europeas (Francia, Italia, España), pedían intervir o tope dos prezos do gas. Polo tanto é normal que o pida unha forza política de esquerda progresista coma a que representa. A redución do prezo do combustible van a pagala os cidadáns. *¿Imos precarizar tamén as medidas sociais reducindo impostos?. ¿Non interviremos a economía pero subvencionaremos ás empresas?* Demanda un tope de prezos e poñer un límite ó lucro, aínda que sexa transitoriamente. Temos un problema de transición enerxética, anterior á crise de Ucraína, pero hai que cumprir as Directivas Europeas. Así, Galicia ten apercebimentos de sancións porque o 85% dos residuos se incineran, e só somos capaces de reciclar o 15%. Non apoiarán a moción porque a consideran antisocial.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que o BNG fala de topar o prezo do gas e que iso é o que pretendía o Sr. Pedro Sánchez en Europa, e non o autorizaron nin a España nin os demais países, pese a recoñecer a singularidade da península, xunto a Portugal. Europa non vai permitir “topar” o prezo do gas. O PP vai estar na loita contra o cambio climático e pide unha transición enerxética xusta, global e real e rectificar a actual. Apostan por unha transición enerxética planificada e non abrupta, como se ven facendo dende 2018. É certo que é unha moción que se puido facer fai seis meses pero preséntase agora porque a guerra agrava a situación.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, tras escoitar ao Sr. Lorenzo Gómez está convencido que a moción non ten nada que ver coa guerra. A baixada de impostos e a subida de subvencións, proposta na moción, son medidas populistas. Como entender que se baixen impostos e os donos das empresas enerxéticas reciban máis beneficios. Están en contra diso.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, dí que *nos queda grande o tema, que non estamos capacitados*, excede da nosa competencia. Claro que é importante para Carballo, e para España, pero haberá que regular o mercado da enerxía de xeito que non sexa desproporcionado por moitos impostos que se baixen. Baixar impostos e ter unha visión de futuro moi pequena.

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo, dí que se tres grandes empresas enerxéticas piden un teito será por algo. A Unión Europea toma decisións políticas, polo que haberá que dicirlle ó PP europeo que vote a favor de “topar” os prezos. O lucro das empresas está ahí. En canto a transición planificada, hoxe coa capacidade eólica de Galicia estamos un 27% por encima da cota eólica. Ese canón non repercute na baixada da tarifa das nosas empresas. Galicia é produtora *excedentaria* de enerxía pero non se ve compensada por elo.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, ante a manifestación de que non afecta a Carballo di que sí, e que hai que baixar os impostos as PYME e os cidadáns.

Sometido o asunto a votación, tal e como foi ditaminado na Informativa, con catro (4) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PP, dúas (2) abstencións, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal de TEGA, e quince (15) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais de BNG (12) e PSdG-PSOE (3), o Pleno da Corporación Municipal acorda:

Rexeitar a Moción do grupo municipal de PP, presentada con rexistro de entrada núm. 202299900001005 do 15 de marzo, “*para paliar o impacto económico da invasión de Ucraína*”

## **6.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001006 do 15 de marzo, sobre cobertura de prazas en atención primaria. (CIBPS do 22/03/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/03/2022, punto 6 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001006 do 15 de marzo, sobre cobertura de prazas en atención primaria, cuxa parte resolutiva íntegra era a seguinte.

«**Primeiro.**- Instar ao Goberno de España:

- a) Á eliminación das limitacións na taxa de reposición do persoal sanitario
- b) Á creación, con tramitación preferente, da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, tal e como foi esixida de xeito unánime polo Parlamento de Galicia
- c) Á flexibilización do sistema de acreditación de prazas de formación, así como a mellora do programa formativo da especialidade de medicina familiar e comunitaria
- d) A proceder á convocatoria extraordinaria de máis prazas MIR de medicina de familia ou, cando menos, resolver positivamente a solicitude de Galicia de incorporar 65 novas prazas formativas de medicina de familia á vindeira convocatoria

**Segundo.**- Apoiar a decisión da Xunta de Galicia, dada a negativa do Goberno central a tomar outras medidas para aumentar o número de médicos de familia, da creación dunha nova categoría de facultativo especialista en atención primaria e da regulación do seu acceso a través dun concurso de méritos para incentivar que se cubran as prazas de difícil cobertura, e solicitar que entre as ofertadas se inclúan prazas vacantes do centro de saúde de Carballo.»

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, sinala que os dous últimos anos foron moi complexos no ámbito sanitario, especialmente na atención primaria. Os pasos que deu a Xunta están indicados na parte expositiva da moción. Hai que paliar a falta de profesionais e a proposta, se é atendida, axudará a paliar a falta de médicos, situación que corresponde emendar ao Goberno de España.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, manifesta que vanse abster porque é un sistema viciado por uns e outros. Sempre se centra o problema na falta de médicos, cando existen outros profesionais no ámbito da saúde. O que habería que conseguir é que haxa menos xente nos centros de saúde. É un problema de falta de concienciación social, dos traballadores e da Comunidade Autónoma, de todo o sistema. Isto non vai solucionar o problema.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal PSdG-PSOE, subscribe que é un mal endémico de toda a sanidade pública. Repasa, vehementemente, a situación dos médicos españois. Fala de que os seus salarios son precarios e as súas condicións laborais fan que moitos médicos acaben traballando no estranxeiro. Di que ó solicitar unha especialidade de urxencias, cando se cree, formaranse e despois se marcharán. Crearanse máis prazas de MIR e despois, *¿que facemos con elas?*. O PSdG-PSOE non comparte a opción de traballo só por méritos, senón por mérito e capacidade. Dille ó PP que o negocien na Xunta, e non lle boten a culpa ós demais.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, pregunta si é posible votar os dous puntos por separado. O primeiro resolutivo parécelle razoable. No que respecta ó segundo resolutivo da moción, hai material suficiente para votar en contra porque os propios médicos consideraron que a Xunta non os respectou e abandonaron o Consello de Atención Primaria. A atención primaria xa é unha especialidade. Existen outras causas de carácter estrutural que convén analizar.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que o problema non se arranxa só con máis médicos, pero que é complexo solucionaralo se non se  *cubren* ás vacantes. Non é certo que marcha a xente a traballar o estranxeiro. Dende o ano 2010 o 90% dos MIR galegos están no SERGAS e o 64% son propietarios dunha praza. A Xunta e o Sergas fan todo o posible para mellorar á atención primaria. Pedimos unha especialidade de urxencias porque os médicos de primaria prefiren traballar en urxencias. Trabállase ata onde as competencias do Sergas o permiten, e tamén se traslada este problema dende as Comunidades Autónomas o Estado. Non ten problema en aceptar a votación da moción por puntos.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, por alusións, dí que é verdade que non é xusto que os médicos de primaria atendan unha media diaria de corenta persoas. Cando se refire a que dende a Xunta traballen, o que quere dicir e que negocien o que sexa preciso para conseguir o mellor para os cidadáns. Entende que os  *pilares* desta sociedade son a sanidade, a educación e a dependencia, non se debe aforrar esforzos neles, e o seu grupo sempre estará pola súa defensa.

Sometido a votación o primeiro resolutivo da moción presentada, tal e como foi ditaminado na Informativa, con dezaseis (16) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12) e PP (4), dúas (2) abstencións, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal de TEGA, e tres (3) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PSdG-PSOE, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno de España:

- a) Á eliminación das limitacións na taxa de reposición do persoal sanitario
- b) Á creación, con tramitación preferente, da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, tal e como foi esixida de xeito unánime polo Parlamento de Galicia
- c) Á flexibilización do sistema de acreditación de prazas de formación, así como a mellora do programa formativo da especialidade de medicina familiar e comunitaria
- d) A proceder á convocatoria extraordinaria de máis prazas MIR de medicina de familia ou, cando menos, resolver positivamente a solicitude de Galicia de incorporar 65 novas prazas formativas de medicina de familia á vindeira convocatoria

Sometido a votación o segundo resolutivo da moción presentada, tal e como foi ditaminado na Informativa, con catro (4) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PP, dúas (2) abstencións, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal de TEGA, e quince (15) votos en

contra, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais de BNG (12) e PSdG-PSOE (3), o Pleno da Corporación Municipal acorda:

Rexeitar o resolutivo segundo da Moción do grupo municipal de PP, presentada con rexistro de entrada núm. 202299900001006 do 15 de marzo, “sobre cobertura de prazas en atención primaria”.

### **7.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada nº 202299900001004 do 15 de marzo, para condenar a invasión de Ucraína por parte de Rusia. (CIBPS do 22/03/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/03/2022, punto 4 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202299900001004 do 15 de marzo, para condenar a invasión de Ucraína por parte de Rusia, cuxa parte resolutiva era a seguinte.

«**Primeiro.**– Denunciar e condenar de maneira firme e explícita a invasión de Ucraína por parte de Rusia e o uso da forza contra un país soberano, excluído explicitamente no art. 1.a). II da Acta Final de Helsinqui (Conferencia sobre a Seguridade e a Cooperación en Europa) e no art. 2.4. da Carta das Nacións Unidas.

**Segundo.**– Reafirmar o respecto ao dereito que asiste a todas as nacións de preservar a súa integridade territorial sen que poida ser socavada por razóns de proximidade xeográfica, afinidade étnica ou lingüística de acordo cos arts. 1.a).I e 1.a).IV da Acta Final de Helsinqui.

**Terceiro.**– Expresar o máis firme compromiso deste Concello de Carballo, coa defensa dos principios da democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no de constitución da Unión Europea.

**Cuarto.**– Apoiar as actuacións do Goberno de España, xunto aos nosos aliados da OTAN e da UE, para poñer fin inmediato a esta inalicable invasión dun estado soberano e democrático.

E solicitar ao Goberno de España que manteña un fluxo de información suficiente cos partidos da oposición ao obxecto de obter a colaboración máis ampla, pronta e responsable posible do conxunto das forzas políticas.

**Quinto.**– Expresar o noso apoio e solidariedade a Ucraína e ao pobo ucraíno, que facemos extensivos aos máis de 112.034 ucraínos que residen no noso país.

Por todo o exposto:

- solicitamos que o goberno negocie canto antes en Bruxelas un plan de axuda humanitaria á poboación civil ucraína, así como un plan de continxencia para a acollida masiva de refuxiados ucraínos que fuxan da guerra.
- Poñémonos ao dispor do Goberno de España, para colaborar –na medida das nosas competencias e recursos- na acollida dos cidadáns de Ucraína que están a abandonar o seu país.»

O Sr. Alcalde ordena o debate conxunto deste asunto e do seguinte, incluídos na orde do día cos ordinais 7 e 8, dada a súa similitude; non obstante a votación realizárase separadamente.

O Sr. Lorenzo Gómez, fai constar que cúmprense 33 días de guerra, e quere deixar claro que o PP está en contra de tódalas guerras, aínda que esta moción (a do PP) por proximidade se centre na de Ucraína. Considera que a súa moción condena de forma máis firme e explícita a invasión ca do BNG. Estan de acordo no fondo, pero discrepan das formas, da “linguaxe” da do BNG.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, non entende porque non comparten a “linguaxe”. Hai mocións, como esta do PP, que son feitas para que se voten en contra. Non nos pidan apoiar a resolución da OTAN, unha organización que bombardeou ilegalmente Irak, Iugoslavia, Afganistán o Libia, por que o seu partido está en contra desa organización. Non nos pida que bendigamos a OTAN, nós queremos que se disolva.

A moción do BNG é rotunda, de absoluto rexeitamento. Reclama reflexión e sentido común, sen ningún xénero de dúbida. Condenamos esta e outras guerras, reclamamos apoio aos asilados e coordinarnos para acoller persoas.

A súa moción (a do PP) é unha moción que apoia á OTAN, unha organización belcista.

O Sr. Eirís Barca, voceiro municipal do grupo da TEGA, abstense nas dúas mocións. Considera que son mocións hipócritas porque hai máis guerras (dezaioito no mundo), por non falar da situación en

Iemen, Palestina ou o Sahara. Parece que esta é a única. Se houbera que acercarse a unha sería á do BNG. O envío de armas é totalmente hipócrita.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, di que na Comisión Informativa hai un erro, non é no marco da OTAN senón da ONU. A OTAN debe ter un fin disuasorio e non converterse na policía do mundo, debería ter un fin defensivo, non ofensivo. Tódalas guerras son ilegais. O marco da negociación debe ser a ONU, pois a OTAN non está en Rusia. Non entende por que se deixa fora, na moción, a Bielorrusia. Parécelle que a moción do PP insiste na escalada bélica, pois pide o envío de armas. Cre que o que debeu facer é unha declaración institucional do Pleno e non dúas mocións de grupos políticos.

O Sr. Lorenzo Gómez dí que lle sorprende que o PSOE de Carballo diga que non están a favor da OTAN porque hai unha declaración institucional do Parlamento Galego que non saiu adiante polo voto do BNG, pero o PSOE si estaba de acordo. Sabiamos que a declaración institucional non iba a ser aceptada e optamos pola moción.

Ao Sr. Eirís Barca recórdalle, de novo, que o PP está en contra de tódalas guerras.

Ao Sr. Regueira Varela recórdalle que a OTAN non bombardeou Ucraína. Vostedes falan de diálogo, ¿con quen, con quen está bombardeando indiscriminadamente?

O PP non pode apoiar a iniciativa do BNG e mantén a súa propia.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, dí que a OTAN bombardeou ilegalmente outros países. Se Putin é culpable, tamén o foi a OTAN. Apoiarán o que diga a ONU, non o que diga a OTAN. *¿Imos a armar soldados dende aquí? Si estamos en contra da guerra, e nós o estamos, e con tódalas consecuencias.* Non van apoiar unha organización belicista, e a OTAN non é defensiva.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal da TEGA, di que lle parece incongruente que envíen armas, para iso vamos loitar, non para que se maten entre eles. É hipócrita.

O Sr. Costa Trillo, voceiro do grupo municipal PSdG-PSOE; di que non están en contra da OTAN, pero non é a solución ó conflito. O seu voto non está asociado o BNG, queren unha OTAN defensiva e disuasoria, pero o marco é a ONU. Trátase de que Rusia depoña a súa actitude e regrese a vía diplomática.

Sometido o asunto a votación, tal e como foi ditaminado na Informativa, con catro (4) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PP, dúas (2) abstencións, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal de TEGA, e quince (15) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais de BNG (12) e PSdG-PSOE (3), o Pleno da Corporación Municipal acorda:

Rexeitar a Moción do grupo municipal de PP, presentada con rexistro de entrada núm. 202299900001004 do 15 de marzo, "*para condenar a invasión de Ucraína por parte de Rusia*".

## **8.- Moción do grupo municipal do BNG, rexistro de entrada n.º 20220000001253 do 16 de marzo, para condenar a invasión rusa en Ucraína, mostrar a solidariedade co pobo ucraniano e demandar o retorno á vía diplomática para acadar a paz (CIBPS do 22/03/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/03/2022, punto 7 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do BNG, rexistro de entrada n.º 20220000001253 do 16 de marzo, para condenar a invasión rusa en Ucraína, mostrar a solidariedade co pobo ucraniano e demandar o retorno á vía diplomática para acadar a paz.

Sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor, dos concelleiros pertencentes ós grupos municipais do BNG (12) e PSdG-PSOE (3), dúas (2) abstencións, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal de TEGA, e catro (4) votos en contra, dos concelleiros pertencentes ó grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación Municipal acorda:

**Primeiro.-** Condenar a agresión de Rusia a Ucraína e mostrar a total solidariedade co pobo ucraíno.

**Segundo.-** Esixir un inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do territorio ucraíno.

**Terceiro.-** Solicitar respecto para o dereito internacional, os dereitos humanos e os Acordos de Minsk, e que se traballe pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.

**Cuarto.-** Demandar o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.

**Quinto.-** Apoiar e colaborar nas medidas de axuda humanitaria que se decidiren para facer fronte á crise de persoas refuxiadas.

## 9.- Seguimento de órganos de goberno:

### 9.1.- Resolucíons da Alcaldía

#### 9.1.1.- Dáse conta expresamente ao pleno das seguintes resolucíons da Alcaldía:

**\* Decreto 28/2022 do 5 de xaneiro**

**RESOLUCIÓN.-** Inventario municipal de bens do Concello de Carballo. Resolución dun expediente relativo a un camiño sito na Ponte, parroquia de Bértoa (Núm. orde 6384) (17/2020-PAT.).

**\* Decreto 613/2022 de 2 de marzo**

**RESOLUCIÓN.-** Suplencia da alcaldía dende o día 4 ao 9 de marzo de 2022

**\* Decreto 637/2022 de 3 de marzo.**

**RESOLUCIÓN.-** INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE CARBALLO. ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DAS PARCELAS 173 E 201 DO POLIGONO 48 SEGUNDO ACORDO CATASTRAL.

**9.1.2.- O Pleno municipal queda enterado das resolucíons da Alcaldía, ditadas entre o día 23/02/2022 n.º 532 e o día 23/03/2022 n.º 885.**

### 9.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

O Pleno Municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
05/2022	Ordinaria	28/02/2022
06/2022	Ordinaria	14/03/2022

### 9.3.- Rogos e Preguntas

**9.3.1.-** Rogo presentado polo grupo municipal do PP, rexistro de entrada nº 202299900001208 de 27 de marzo.

(R1.PP).- (le o rogo o concelleiro Sr. Lorenzo Gómez) «*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS Recollemos as queixas dos veciños da rúa Camelias que nos transmiten que se sinten inseguros pola alta velocidade á que circulan os vehículos por esa vía poñendo en perigo a peóns e usuarios do local de AFABER. Por todo o exposto o Partido Popular de Carballo presenta o seguinte rogo atendendo ás lexítimas demandas da veciñanza.*



*ROGO Que se instale na rúa Camelias un paso de peóns elevado ou elementos reductores de velocidade para garantir a seguridade dos veciños da zona e usuarios de AFABER».*

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, contesta que xa se pintou un paso de peóns. Estanse a estudar outras medidas.

**9.3.2.-** Preguntas presentadas polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000001829 de 28 de marzo:

(P1.PSdG-PSOE).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Varela Novo) «*Xa hai anos, que dende este grupo municipal vimos presentando iniciativas e preocupándonos pola problemática dos noiros de raza. Recentemente aconteceron novos derrubes. ¿Como está a xestionar o goberno municipal este tema? ¿Coñécese algunha solución?*»

O Sr. Alcalde, responde que dende Costas do Estado asegúranlle que a vontade é a de reparar e non é posible por non ter informe favorable de Conservación do Medio Natural da Xunta.

(P2.PSdG-PSOE).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Varela Novo) «*Están a acometerse unha obras no polígono urbano nº9, segundo soubemos pola prensa, para a creación dun novo aparcamento público. ¿Hai unha previsión de datas? ¿Podemos coñecer o custo total do proceso de obra e acondicionamento? ¿Que duración terá o comodato?*»

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, responde que as datas están no aire debido ó conflito de transporte. En canto ao custe, son medios propios, e o saberemos cando estea rematado. En canto á duración do comodato, será ata que os propietarios o requiran.

**9.3.3.-** Preguntas presentadas polo grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada n.º 202299900001220 do 28 de marzo:

(P1.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*CONTENEDORES SOTERRADOS&BOLARDOS. Terra Galega no último cita co Concello de Radio Voz preguntoulle ao Sr Alcalde por que na obra do entorno dos Baños Vellos non se instalou un punto de recollida subterránea como si se fixo na rúa Coruña, na Jacinto Amigo Lera ou na Colón, a resposta dada polo Sr. Alcalde foi que “os técnicos non soen optar por este método porque o funcionamento non sempre é optimo e requiren de moito mantemento”, añadindo que cada caso se estudia separadamente e que en moitos casos, os propios veciños e comerciantes dan a súa opinión ao respecto. Na política hai que ser coherente, Por que o Sr Alcalde non aplica o mesmo proceder os bolardos que entre outras cousas, non sempre funcionan ben e requiren mantemento?*»

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Emerxencias, Feiras e Mercados, contesta que o criterio técnico e político é que os bolardos cumpren co seu obxectivo.

(P2.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*CONSELLOS PARROQUIAIS, CONSELLO DEPORTIVO MUNICIPAL. Agora coa gripalización do coronavirus, non hai desculpa para non celebrar as diferentes xuntanzas que en algún caso levan máis de 3 anos sen convocarse. Cando se vai a poñer a traballar o Concello de Carballo e deixar de usar o coronavirus coma excusa?*»

O Sr. Alcalde, responde que nestes intres no Concello de Carballo hai 250 casos COVID, dos cales 106 foron diagnosticados nos últimos sete días. Houbo 49 vítimas mortais do Covid-19. Polo tanto, considera que non é unha excusa e respectáronse as recomendacións sanitarias. Non hai problema en ir desescalando nos Consellos parroquiais, pero dependendo da parroquia por motivos de aforo. Entende que despois da Semana Santa poderanse comezar paulatinamente.

(P3.TEGA).- (le a pregunta o concelleiro Sr. Eirís Barca) «*ACTUACIÓNS NO ENTORNO DO RÍO ANLLÓNS O SEU PASO POR CARBALLO. Costounos, pero finalmente podemos botarlle un vistazo á Diagnose Medioambiental e Proposta de Actuacións Turísticas Sostenibles para o Entorno do Río Anllóns realizado pola empresa Eosa, e chamounos a atención no Contido 6.4 Actuacións no Concello de Carballo que pon literal “que non ten zonas críticas, e que a senda en algún tramo se encontra ben acondicionada sen necesidade de recoller actuacións de mellora”. Para Tega o acondicionamento dos tramos son moi mellorables e incluso un punto non tratado na Diagnose é a iluminación nos tramos urbanos do Río Anllóns (hai bastantes alternativas para un espacio coma este de Red Natura)*»

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000003

*Ten o Concello de Carballo acometer outras actuacións no Entorno do Río Anllóns a maiores das propostas de actuación ou xa da por bo esta diagnose?»*

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica, contesta que o informe e iso, un informe, non un proxecto. Dese informe, a parte ambiental só pesa un 25%, e ahí outros aspectos como a flora, a accesibilidade,... A iluminación non se contempla nos Fondos Europeos nos tramos fluviais. Por outra parte en Carballo, nesa zona do entorno do río, conflúen varios proxectos (Augas de Galicia, concello) que deben ser tidos en conta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e vinte e oito minutos (22:28 h.), a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario dou fe.